

### **O PSOE de Portomarín denuncia excesivos gastos en publicidade e festas por parte do Goberno de Serrano e o incumprimento da Lei de Morosidade**

Proba delo, é que, segundo indica Silvia Rodríguez, nalgúns trimestres dos anos 2013 e 2014 este custo supera os 10.000 euros; un importe demasiado elevado que tamén certifica o Secretario-Interventor nos informes emitidos aos Orzamentos de 2015

Denuncian que o concello tamén está a incumprir a o Período Medio de Pago (PMP) a provedores, pois mentras no caso de todos os concellos españois este prazo se sitúa en 24,84 días, en Portomarín ascende a 37,22

Advirten de que o PP “non debe presumir tanto da súa suposta débeda cero”, xa que, en primeiro lugar, a débeda foi saldada porque así o esixe o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria; e, en segundo lugar, porque está a retrasar o pago das facturas”

**PORTOMARÍN, 19 DE DECEMBRO DE 2014.-** Os socialistas de Portomarín denuncian excesivos gastos en publicidade e festas por parte do Goberno de Serrano e o incumprimento da Lei de Morosidade. Proba delo, é que, segundo indica a voceira do PSOE neste municipio –Silvia Rodríguez-, nalgúns trimestres dos anos 2013 e 2014 este custo supera os 10.000 €.

“Esta situación que xa denunciámos os socialistas carece de importancia para o grupo de goberno, pero os informes que aporta o Secretario-Interventor aos Orzamentos 2015 deixa en evidencia tamén este abuso, pois literalmente manifesta: “[...] *Respecto a las subvenciones previstas se recomienda su minoración dado el crecimiento de coste de servicios corriente. También se debería minorar los gastos no voluntarios relativos a la organización de fiestas y festejos, así como los de publicidad [...]*”, subraia a voceira do PSOE.

Asimesmo, os socialistas, tal e como xa advertiron no pleno celebrado o xoves 18 de decembro, e segundo os datos aportados polo ministerio de Facenda, o concello tamén está a incumprir a o Período Medio de Pago (PMP) a provedores. Deste xeito, Portomarín é unha das poucas entidades locais da provincia, só hai 10, que están a infrinxir a Lei de Morosidade. E é que, mentras no caso de todos os concellos españois a media do PMP se sitúa en 24,84 días, en Portomarín esta ascende a 37,22.

Este incumprimento supón, lembra Rodríguez, que os concellos que non paguen ao seus provedores no prazo máximo establecido deberán informar ao Ministerio dos recursos que se van a dedicar mensualmente a este fin e adoptar medidas necesarias de gasto, ingreso ou xestión de cobros e pagos para reducir o seu PMP; e, no caso de continuar incumprindo, o Estado farase cargo das facturas, retendo para elo os correspondentes fondos do sistema de financiamento destas entidades locais.



## **NOTA DE PRENSA**

Polo tanto, “advertimos que o PP de Portomarín non debe presumir tanto da súa suposta débeda cero, como fai en infinidade de ocasións o Sr. Serrano. En primeiro lugar, porque así o esixe o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria; e, en segundo lugar, porque está a retrasar o pago das facturas”, conclúe.

---

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

[www.psoeprovincialdelugo.com](http://www.psoeprovincialdelugo.com)

[www.facebook.com/psoeprovinciallugo](https://www.facebook.com/psoeprovinciallugo)

[www.twitter.com/PsoeLugo](https://www.twitter.com/PsoeLugo)